



INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A DECLARACIÓN ANUAL DE ENVASES

Quén a debe presentar

Os seguintes axentes económicos deben proporcionar á comunidade autónoma na que estean domiciliados información sobre a xeración e xestión de envases:

- Os **envasadores** deben comunicar a cantidade total de envases e de produtos envasados postos no mercado e, no seu caso, importados/adquiridos noutros países da Unión Europea ou exportados/enviados a outros Estados membros, con indicación dos que teñan a condición de reutilizables.

Cando os envases son postos no mercado a través dalgún sistema integrado de xestión (SIX), os envasadores deben remitir a dita información, antes do 28 de febreiro de cada ano, á entidade que xestiona o SIX, quen se encargará á súa vez de remitila á comunidade autónoma.

- Os **comerciantes** deben informar sobre os envases e produtos envasados que, no seu caso, exportaron/importaron a/de outros Estados membros da Unión Europea.
- Os **xestores** autorizados (que se encargan da reutilización, recuperación, reciclaxe ou valorización) deben informar sobre a cantidade de residuos de envases e envases usados reciclados ou valorizados e, no seu caso, sobre os que destinaran á súa reutilización ou eliminación.
- Os **sistemas integrados de xestión (SIX)** deben informar sobre os envases postos no mercado a través de cada un deles, así como o destino que se deu aos residuos de envases e envases usados recibidos dos entes locais.

Prazo de presentación

- **Envases adheridos a un SIX:** os envasadores remitirán a información necesaria á entidade responsable da súa xestión, antes do 28 de febreiro de cada ano.
- **Envases non adheridos a un SIX:** os envasadores remitirán a declaración á comunidade autónoma correspondente, antes do día 31 de marzo de cada ano.

A quen se dirixe:

Ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea domiciliada a empresa.

En Galicia o órgano competente é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, sita na rúa San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Onde se presenta:

- No Rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente ou rexistros das delegacións provinciais.
- Nos rexistros dos concellos, cando teñan suscrito o convenio de portelo único.
- Nas oficiñas de correos.

Sen prexuízo da facultade que lles outorga aos particulares o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Normativa aplicable:

- Artigo 15 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases
- Artigo 15 do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.
- Real decreto 252/2006, do 3 de marzo.